

Estructura circular

Onde viven os saqueadores de naufraxios

RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO

Existen antigas crónicas e lendas que falan de piratas e mariñeiros que de noite prendían falsos faros nas costas para trabucar aos tripulantes dos barcos e así facelos naufragar e despois saquear a súa carga. Mesmo unha peza de Cotarello Valledor titulada Mourenza está baseada nunha destas lendas, que terá un tráxico final, ao morrer o xenro dunha familia adicada a tan mísero mester, precisamente nun naufraxio cando regresaba como emigrante.

Desas e doutras lendas, pero tamén de crúas e anecdóticas realidades nótrese o marabilloso mundo creado por Xurxo Alonso no seu libro *Onde viven os saqueadores de naufraxios*, obra gañadora do VI Premio de Poesía "Johán Carballreira" do Concello de Bueu. Nos seus cadernos de bitácora están latentes, ao meu parecer, narradores de sona como Salgari e Stevenson. Pero hai poemas nos que o autor crea unha atmosfera máis próxima a outros grandes autores como Bernardino Graña e Manuel Antonio.

Xurxo Alonso, pintor e poeta, ten acadado numerosos e importantes galardóns en ambos campos. A súa obra pictórica figura en importantes coleccións públicas e privadas de todo o Estado español. No eido da poesía acadou entre outros os premios "Francisco Añón" (1998), "Xohán de Requeixo" (1999), "Avelina Valladares" (2000) e "Feliciano Rolán" (2001).

Favorecido pola súa formación académica, Xurxo Alonso utiliza ao igual que Salgari, vocábulos específicos dos campos da Zooloxía, da Botánica e da Náutica que existen aínda na nosa fala, mais ninguén sabe canto tempo perdurarán, pero como o propio autor escribe: "TODAS AS LINGUAS QUE DEVALAN AO MAR / transportan flotando ata cada desembocadura / unha palabra que non han de recuperar".

Onde viven os saqueadores de naufraxios é un fermoso conto de estrutura circular que comeza coa música que vai tallando un violín e remata "pouco antes de que caian desbocadas / as estrelas" "apagando a música dos violíns". Os dous poemas iniciais e finais teñen entre si un nexo de unión que acrecenta no libro ese carácter máximo e tradicional. E non é para menos, pois ademais recolle nos seus versos o relato dun vello lobo de mar xa retirado "que volvendo á illa do pasado" lembra aqueles estraños idiomas que aprendeu nos portos e conta "historias marelecidas polo fume do tabaco" daqueles anos mozos achicados día a día pola borda desa nave errante que é a vida.

A emigración, os intercambios comerciais e os avatares das xentes do mar son algúns dos alicerces sobre os que Xurxo Alonso constrúe a súa obra.

A coidada disposición estrutural que a partir do "Poema índice" Xurxo Alonso desenvolve de maneira maxistral, e o feito de que as ilustracións do libro sexan tamén da súa autoría, fainos pensar que estamos diante dunha anovadora simbiose entre as dúas artes, que revoluciona os rexistros con magníficos e coherentes resultados, que fan de novo vixente aquela vella proclama de Apollinaire: Et moi aussi je suis peintre!

Onde viven os saqueadores de naufraxios é unha obra fraguada cos mellores materiais da memoria colectiva, un pequeno cofre que atesoura o cartafol das viaxes prohibidas.

ALONSO, Xurxo, *Onde viven os saqueadores de naufraxios*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2002, 56 páxinas

